

Concello de Cerdedo-Cotobade
Chan, 11-Carballedo
36856 Cerdedo-Cotobade

Exp.: 1458/22
Promotora: Concello de Cerdedo-Cotobade
Asunto: Humanización e mellora de infraestruturas
Documentación: Proxecto redactado polos enxeñeiros de camiños Oscar Iglesias Vázquez e Oscar A. González Arias, marzo 2022
Situación: Os Castros (Cerdedo-Cotobade)

ANTECEDENTES

1. Concello de Cerdedo-Cotobade promove o expediente de humanización e mellora de infraestruturas en Os Castros, concello de Cerdedo-Cotobade.
2. Trátase dunha actuación no ámbito de protección de varios elementos incluídos no Catálogo do PXOM do Concello de Cerdedo-Cotobade e no Plan Básico Autonómico e por tanto, segundo a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. En consecuencia, de acordo co art. 39 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.
3. Con data 31 de agosto de 2022 emítase informe técnico de arquitectura que di o seguinte:
"Solicítase autorización para obras de humanización e mellora das infraestruturas da vía principal do núcleo de Os Castros, no contorno de protección de varios elementos (Igrexa parroquial de Santo Tomé, Ponte dos Castros, antiga casa parroquial, conxunto de edificacións de interese etnográfico, hórreos, etc) recollidos no catálogo do PXOM do concello de Cerdedo. As obras afectan directamente á Ponte dos Castros que conta cun nivel de protección integral no catálogo. De acordo co artigo 39.1 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen.
Descrición das obras
En xeral as obras comprenden a pavimentación da arteria principal do núcleo que sube á igrexa, e mellora das infraestruturas (rede de pluviais, abastecemento e iluminación). De maneira detallada:
- Demolição do pavimento existente, e nova pavimentación con formigón cun ancho de 3 metros co resto dos sobreanchos en lastro de granito de 10x10x10 sobre capa de formigón, e no encontro cos muros da parcela da igrexa prevese franxa en terra para plantación de céspede natural.



- Apertura de zanxas para instalacións de abastecemento, pluviais e iluminación; crearanse sumidoiros, arquetas e pozos de rexistro, e colocaranse 17 luminarias led modelo lowlander de setga en columnas bicilíndricas de aceiro ao carbono.

Consideracións e Conclusións

En data 13.06.2022 requiriuse ampliar a documentación definindo en planos de detalle as pavimentacións no encontro cos elementos protexidos e muros tradicionais, e ampliar a documentación no referente á Ponte dos Castros, incluíndo descrición do estado actual e da proposta, aclarando a compatibilidade do paso das instalacións e das novas pavimentacións cos elementos orixinais que conforman a ponte, aportando sección construtiva ao respecto.

A Ponte dos Castros, descríbese na ficha como ponte de rasante horizontal feita de cantería con dúas pilas con forma de parteaugas triangular, tres ocos alintelados e muros de cachotería de granito nos dous extremos, con calzada formigonada e varanda de aceiro.

Segundo planos e fotografías presentadas o estado actual da ponte conta con pasarela peonil e varanda de madeira. As novas actuacións consisten na realización de nova capa de formigón en substitución do pavimento actual, e o paso de instalacións de abastecemento e alumeadado baixo a estrutura da pasarela de madeira.

De maneira xeral non habería impedimento ás obras solicitadas coas seguintes consideracións (algunhas xa sinaladas no requirimento de documentación de data 13.06.2022) :

- *No que respecta ás novas pavimentacións con adoquín e na composición do formigón empregárase a mesma variedade do tipo de pedra local cas edificacións tradicionais do núcleo co fin dunha mellor integración de tonalidades e texturas.*

- *Evitarase o contacto do formigón cos muros tradicionais e demais bens de carácter etnográfico existentes no ámbito, mantendo unha mínima separación entre a capa de formigón baixo adoquíns e ditos elementos, polo que se deberán corrixir as seccións construtivas do proxecto.*

- *En canto as luminarias previstas, coidarase o número de elementos a instalar e as súas dimensións en relación á escala do núcleo, evitando solucións en acabados metálicos brillantes que destaquen no entorno tradicional."*

4. Con data 2 de setembro de 2022 emítese informe técnico de arquitectura que di o seguinte: "ELEMENTOS PATRIMONIAIS PROTEXIDOS:

A actuación sometida a informe afecta ós seguintes bens patrimoniais:

- *Castro de Roda do Castro (GA36011005). O emprazamento topográfico deste asentamento é unha cima amesetada. Conta cun único recito de planta circular situado no cumio e unha plataforma moi desdibuxada que o prolonga polo sur. As dimensións máximas do recinto son 125 m de lonxitude no eixo N-S e 95 m no eixo O-L.*
- *Castro de Os Castros (GA36011003). O seu emprazamento é un pequeno outeiro. Conta cun único recinto de planta oval alongada no sentido NL/SO. As súas dimensións máximas son de 105 m de lonxitude no eixo NL-SO e 56 m no eixo NO-SL.*

Os elementos están incluídos no catálogo do Plan Básico Autonómico (Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia) e no catálogo de elementos arqueolóxicos que hai que protexer ou recuperar do PXOM de Cerdedo-Cotobade (aprobado o 23/09/2014) cos nomes Os Castros / Castro de Abaixo e Castro de Roda do Castro / Moa. Forman parte, polo tanto, do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, polo que lles é de aplicación o contido nos artigos 30, 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

INFORME:

Con rexistro de entrada nesta xefatura territorial o 23/06/2022 - REXEL 2022/1649115 recibíuse unha solicitude de autorización para levar a cabo obras de humanización e mellora de



infraestruturas nunha rúa do núcleo de Os Castros, na parroquia de Quireza, no termo municipal de Cerdedo-Cotobade.

Na documentación achegada preséntase o proxecto "Humanización y mejora de las infraestructuras en el núcleo de Os Castros", redactado polos enxeñeiros de camiños Óscar Iglesias Vázquez y Óscar A. González Arias. Dito documento prevé as seguintes actuacións:

- *Demolición do pavimento existente e posterior pavimentación mediante capa de formigón de 18 cm de espesor e 3 m de ancho. Nos sobreanchos, se estenderá por encima da grava unha capa de 10 cm de formigón sobre a que se asentará unha capa de lastro granítico de 10x10x10 cm.*
- *Apertura de gabias para as instalacións de saneamento, abastecemento e rede de iluminación:*
 - *Rede pluvial en dous tramos de canalización entre os puntos P-1.01 e P-1.08 (117 m) e P-2.01 e P-2.09 (147 m) (plano 06, follas 1 e 2). Ó longo desta traza se instalarán 20 sumidoiros de 50x20x30 cm e 17 pozos de rexistro de formigón de 1 m de diámetro.*
 - *Rede de abastecemento entre os puntos P-1.01 e P-1.08 (236,37 m). Ó longo desta traza se instalarán 11 pozos de rexistro, 9 válvulas de comporta, 1 ventosa de fundición e dúas bocas de rego.*
 - *Rede de iluminación no mesmo trazado dos puntos anteriormente mencionados (298 m). Se instalarán 17 luminarias LED coas respectivas columnas bicilíndricas en aceiro, e cada luminaria se acompañará dunha arqueta de 40x40x50 cm.*

Como se indicou no apartado anterior, ditos traballos afectan ó contorno de protección do castro de Roda do Castro (GA36011005) e do castro de Os Castros (GA36011003), localizados a 80 m e 49 m respectivamente do punto P-1.01 da obra, o máis próximo ós elementos, situados en pleno núcleo poboacional de Os Castros, moi preto das edificacións e as vías de comunicación que conforman o lugar.

*Analizada a documentación achegada, non se ven impedimentos por informar favorablemente as obras previstas desde o punto de vista arqueolóxico. Agora ben, tendo en conta o emprazamento das mesmas e a distancia cos bens, que acadan unha superficie moi grande do terreo, considérase xustificable a realización dun **control arqueolóxico** dos movementos de terras. En consecuencia, deberase presentar, antes da concesión da licenza municipal, o correspondente proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural."*

5. O Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Pontevedra, na súa sesión do 7 de setembro de 2022, emite o seguinte ditame:

Informar favorablemente a humanización e mellora das infraestruturas en Os Castros, parroquia de Quireza, coas seguintes condicións:

- No que respecta ás novas pavimentacións con adoquín e na composición do formigón empregárase a mesma variedade do tipo de pedra local cas edificacións tradicionais do núcleo co fin dunha mellor integración de tonalidades e texturas.
- Evitarase o contacto do formigón cos muros tradicionais e demais bens de carácter etnográfico existentes no ámbito, mantendo unha mínima separación entre a capa de formigón baixo adoquíns e ditos elementos, polo que se deberán corrixir as seccións construtivas do proxecto.
- En canto as luminarias previstas, coidarase o número de elementos a instalar e as súas dimensións en relación á escala do núcleo, evitando solucións en acabados metálicos brillantes que destaquen no entorno tradicional.
- Cómpre realizar un control arqueolóxico dos movementos de terras, polo que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico, asinado por técnico competente, para a súa autorización pola



Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En función dos resultados da intervención poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de localizarse restos arqueolóxicos inmoebles, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario realizar modificacións no proxecto, principalmente, no que atinxe a súa afección sobre o subsolo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo).
 - As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
- 2 Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 134 do 14 de xullo).

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo) e conforme ao disposto na Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 134 do 14 de xullo) e á vista do informado polos servizos técnicos, de acordo co ditame do Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Pontevedra,

RESOLVO

Autorizar a humanización e mellora das infraestruturas en Os Castros, parroquia de Quireza, coas seguintes condicións:

- No que respecta ás novas pavimentacións con adoquín e na composición do formigón empregarase a mesma variedade do tipo de pedra local cas edificacións tradicionais do núcleo co fin dunha mellor integración de tonalidades e texturas.
- Evitarase o contacto do formigón cos muros tradicionais e demais bens de carácter etnográfico existentes no ámbito, mantendo unha mínima separación entre a capa de



formigón baixo adoquíns e ditos elementos, polo que se deberán corrixir as seccións construtivas do proxecto.

- En canto as luminarias previstas, coidarase o número de elementos a instalar e as súas dimensións en relación á escala do núcleo, evitando solucións en acabados metálicos brillantes que destaquen no entorno tradicional.
- Cómpre realizar un control arqueolóxico dos movementos de terras, polo que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico, asinado por técnico competente, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En función dos resultados da intervención poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de localizarse restos arqueolóxicos inmoebles, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario realizar modificacións no proxecto, principalmente, no que atinxe a súa afección sobre o subsolo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notifícase ao Concello de Cerdedo-Cotobade esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral do Patrimonio Cultural
p.d.: Resolución do 05-07-2022
A xefa do Servizo de Coordinación Cultural
M^a José Echevarría Moreno

